

XUNTANZA CONSTITUCIÓN COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

ACORDO DE CONCERTACIÓN SOCIAL DE EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA

O día 15 de xaneiro de 2019 tivo lugar o acto de sinatura entre a Administración, CCOO e UGT deste importante acordo para o conxunto do persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia que vai permitir entre outras cousas: **incrementar as nosas retribucións nun 2,25% (máis un 0,25 adicional) no 2019 e un 2% no 2020 (máis un 1% adicional);** empezar a **recuperar algúns dos dereitos arrebatados** durante a etapa da crise económica como por exemplo percibir de novo o **100% das retribucións** en caso de **baixa laboral**; executar **ofertas de emprego por riba do 100% da taxa de reposición** (vanse convocar case 6000 prazas no trienio 2018 – 2020); desenvolver **procesos de estabilización** para que o persoal con contratos ou nomeamentos de longa duración poida consolidar o seu posto de traballo; establecer unha **promoción interna separada de como mínimo o 40%** do total de prazas convocadas; **convocar procesos** para permitir a **movilidade** dos empregados e empregadas públicas; convocar procesos de **funcionarización** do persoal laboral; **abrir a vía que permita reducir a xornada por debaixo das 37,5 horas** e, por último, implantar na Xunta de Galicia a **carreira profesional** do persoal funcionario e laboral que traerá aparelado o percibo do correspondente complemento de carreira con efectos económicos do **1 de xaneiro de 2019**.

Nese mesmo día constituíuse a Comisión de Seguimento do Acordo e celebrouse a súa primeira xuntanza para avanzar e axilizar a execución e desenvolvemento do Acordo. Nesta Xuntanza da Comisión de Seguimento tratáronse os seguintes temas e adoptáronse os seguintes acordos:

- Convocar o concurso de traslados de corpos xerais no primeiro trimestre de 2019.
- Convocar a OPE 2019 no primeiro trimestre de 2019, incluíndo prazas de estabilización do SPDCIF.
- Convocar, con carácter xeral, concursos de traslados con tomas de posesión coordinadas coas resolucións dos procesos selectivos.
- Publicar previamente e con antelación suficiente o temario, relatorio de disposicións normativas,

obxecto das probas selectivas do proceso de funcionarización, así como unha batería de **preguntas** relacionadas cos temas obxecto da convocatoria. Haberá un **único exercicio** e será tipo **test**.

- Facer a adaptación dos estatutos e negociar no ámbito que corresponda e aprobar a **RPT do Consorcio antes do 30 de marzo de 2019**, así como iniciar o proceso de integración do persoal laboral fixo como persoal laboral da Xunta de Galicia.
- Negociar e aprobar no ámbito que corresponda a **RPT da Consellería de Medio Rural** antes de rematar o **primeiro trimestre de 2019**.
- E por último, e ante as dúbidas xurdidas en relación coa **carreira profesional e a promoción interna** do persoal funcionario que recentemente tomaron posesión nun novo grupo, a Comisión de Seguimento considera que o **grao extraordinario se adquire no grupo, especialidade ou corpo que se estea a desempeñar desde o 31 de decembro de 2018**. Polo tanto, o tempo de **servizos prestados con anterioridade a esa data**, sexa cal sexa o vínculo xurídico do empregado/a, **computarase aos efectos de adquirir o grao no corpo que efectivamente estea prestando servizos desde o día 31 de decembro de 2018**.

Por outra banda, as organizacións asinantes deste Acordo, solicitamos:

- Que se incluíse na orde de confección de nóminas deste ano as previsións necesarias para que o persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia, cobre xa en xaneiro o **incremento retributivo do 2,25%** derivado do II Acordo Estatal Goberno-Sindicatos e previsto para o ano 2019. A Administración asegurou que efectivamente a suba de retribucións prevista para este ano se cobrará xa na nómina de xaneiro. Así se reflicte na Orde de confección de nóminas publicada onte.
- Do mesmo xeito, solicitamos a mesma previsión para que as cantidades destinadas ao pago do **complemento de carreira** sexan incluídas en dita orde co obxectivo de iniciar canto antes o

NOTA INFORMATIVA

19/01/2019

pagamento da carreira profesional ao persoal funcionario e laboral. A Administración confirma a previsión, e que unha vez se fagan os trámites administrativos correspondentes iniciárase o pagamento o antes posible, tamén recollido na Orde de confección de nóminas do día de onte.

- Tamén manifestamos que era urxente **continuar a negociación no ámbito correspondente das equivalencias entre categorías de persoal laboral e corpos e escalas de persoal funcionario**, así como a modificación da Lei do Emprego Público de Galicia para a creación das escalas que fosen necesarias.
- Tamén lle lembramos á Administración a necesidade elaborar un **decreto de funcionarización** onde se regulen todos os aspectos do proceso para facilitar a súa execución e desenvolvemento. En relación con este asunto, tamén puxemos de manifesto a necesidade de empezar a traballar sobre o temario que rexerá os procesos de funcionarización do persoal laboral. A resposta da Administración foi que enviarán ás organizacións sindicais un borrador de decreto de funcionarización así como unha proposta de disposicións normativas (acoutadas) que conformarán o programa dos procesos de funcionarización.
- Por último, lembrámoslle á Administración que cómpre **modificar o Decreto de Listas e adaptalo** ás disposicións contidas no **Acordo de Concertación Social**.

En definitiva, tanto CCOO como UGT actuarán nesta Comisión de Seguimento con responsabilidade e sobre todo coa intención de interpretar en positivo aquelas cuestións que puidesen suscitar algunha dúbida ou que non quedase suficientemente claras no texto do Acordo. UGT e CCOO creemos que é a nosa obriga tratar de mellorar a situación do persoal empregado público desta Administración e entendemos que este **Acordo é o mecanismo e o instrumento que permitirá iniciar a senda da recuperación dos dereitos perdidos e recuperar parte do poder adquisitivo perdido nos últimos anos.**

A cada insulto dos negacionistas (o que sempre

propoñen acordos ideais pero nunca acadan ningún), e os que confrontan aos colectivos para enganar a todos a vez (a uns lle din o contrario do que lle venden aos outros), responderemos con explicacións e argumentos, pois o acordo desde unha simple lectura sosegada se explica en si mesmo.

Os funcionarios de carreira con 5 anos ou mais de antigüidade, so teñen que solicitar no primeiro trimestre do ano a carreira e agardar a que lla ingresen na nómina con efectos de 1 de xaneiro de 2019.

O persoal laboral fixo con 5 anos ou mais de antigüidade, so ten que solicitar no primeiro trimestre do ano a carreira e manifestar que se queeren funcionarizar, e agardar a que lla ingresen con efectos de 1 de xaneiro de 2019, ata que pase o proceso de funcionarización.

Para o persoal interino e temporal, que inicialmente estaban excluídos, tamén solicitaran no primeiro trimestre o encadramento no grao inicial da carreira, e gracias a redacción conseguida no acordo, xa lle empeza a contabilizar o tempo desde o 1 de xaneiro de 2019, para cobrar o primeiro grao no sexto ano (sexan funcionarios de carreira ou aínda non).

Coma todo na vida, o tempo irá pondo a cadaquén no seu sitio, pois os asinantes deste acordo estamos seguros que o mesmo será valorado positivamente, por unha inmensa maioría de empregadas e empregados públicos, pesar das mentiras, infamias e calumnias que verten uns poucos, e mais a medida que se vaia desenvolvendo, pois os primeiros en anotarse a carreira seguro que van a ser os delegados/as da CIG e da CSIF. Ou terán o valor e a coherencia de renunciar a unha carreira tan mala?

Desde CCOO e UGT agardamos que todo o persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia, saiba diferenciar na súa xusta medida o esforzo e a implicación dos asinantes, para acadar este histórico acordo, fronte as descualificacións e falsidades dos non asinantes outorgándolles a súa confianza maioritariamente nas eleccións sindicais que se están e sen van a celebrar ao longo deste ano.

ACORDO HISTÓRICO DE CONCERTACIÓN SOCIAL PARA O PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DA XUNTA DE GALICIA